

RESOLUCIÓN DO 16 DE XUÑO DE 2021, DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (CORPORACIÓN RTVG), POLA QUE SE APROBA O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO EMPRAZAMENTO DE PRODUTO NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Consonte as competencias e funcións que se me atribuíron no artigo 26 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos da comunicación audiovisual de Galicia,

RESOLVO:

Aprobar o procedemento para a contratación do Emprazamento de Produto na Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG), que se xunta a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

O director xeral da Corporación RTVG



Alfonso Sánchez Izquierdo



**CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA**

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tlf: 981 540 840
info@crtvvg.es www.crtvg.gal

PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DE EMPRAZAMENTO DE PRODUTO DA CORPORACIÓN RTVG

PRIMEIRO.- INTRODUCCIÓN

Enténdese por emprazamento de produto toda forma de comunicación comercial audiovisual consistente en incluír, amosar ou referirse a un produto, servizo ou marca comercial de maneira que figure nun programa.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A delimitará as accións de emprazamento de produto nas longametraxes, curtametraxes, documentais, películas e series de televisión, programas deportivos e programas de entretemento que se emitan a través da calquera das súas canles cando se trate de produtos de produción propia interna ou propia externa.

Esta regulación afecta a todas as accións de emprazamento de produto que se emitan nas referidas obras audiovisuais, aos produtos, servizos e marcas comerciais que poden ter presenza, á súa duración e ao modo no que se visualice a súa presenza, co fin de preservar a calidade artística da produción e o mantemento da súa independencia editorial.

Queda prohibido o emprazamento de produto na programación infantil.

Nos casos nos que no se produza pago ningún, senón unicamente o subministro gratuíto de determinados bens ou servizos (achega á produción), tales como axudas materiais á produción ou premios, con miras á súa inclusión nun programa, unicamente constituirá emprazamento de produto e polo tanto estará permitido, sempre que estes bens ou servizos teñan un valor significativo.

Estas accións realizaranse segundo o establecido na normativa de comunicación audiovisual que corresponda e segundo ao establecido nas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG, S.A. aprobadas polo seu Consello de Administración (<http://www.CorporaciónRTVG.es/files/Normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf>)

SEGUNDO.- CRITERIOS QUE DEFINEN O EMPRAZAMENTO DE PRODUTO NA CORPORACIÓN RTVG

Entenderase que existe emprazamento de produto cando se atendan aos seguintes criterios:

- A presenza do produto forma parte do decorado ou atrezzo lóxico do programa e prodúcese de forma non reiterada, nin en número tal que desvirtúe a súa condición de elemento decorativo ou necesario na escena.
- A presenza do produto ou marca, utilizados coma atrezzo, non se resaltan mediante a colocación de carteis publicitarios formando parte do decorado sen xustificación polo contexto.
- O contido do guión non se ve influído artificialmente pola inclusión de elementos publicitarios.

Non se remarcará artificialmente a presenza do produto mediante encadres ou movementos de cámara, alterando o normal desenvolvemento da narración audiovisual, nin forza unha ruptura ou distorsión na continuidade narrativa.

TERCEIRO.- DEPARTAMENTO RESPONSABLE DAS ACCIÓNS PUBLICITARIAS DE EMPRAZAMENTO DE PRODUTO

Todas as accións referidas ao emprazamento de produto serán responsabilidade da Área de Innovación e Negocio da **CORPORACIÓN RTVG**.

CUARTO.- PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA A INCORPORACIÓN DO FORMATO EMPRAZAMENTO DE PRODUTO ÁS OBRAS AUDIOVISUAIS DA CORPORACIÓN RTVG

A Área de Contidos e a Área de Innovación e Negocio deben compartir toda a información relevante sobre as producións de obras audiovisuais que poidan ser susceptibles de incluír o formato publicitario de emprazamento de produto. Esta comunicación abrangue á planificación de produción así como as solicitudes publicitarias de empresas produtoras e contactos con empresas anunciantes por parte da *CORPORACIÓN RTVG*.

4.1.- **Producións propias:** a Área de Innovación e Negocio será a responsable de establecer os correspondentes acordos, informando destes á Área de Contidos para que realicen as actuacións necesarias para a súa incorporación á produción.

4.2.- No caso das **producións propias externas:** as accións de emprazamento de produto poden ser promovidas pola produtora encargada da execución do proxecto ou directamente pola propia *CORPORACIÓN RTVG*.

4.2.1. Promovidas pola produtora

Autorización:

As produtoras poderán contratar o emprazamento de produto nas obras, previa autorización da Área de Innovación e Negocio, para cada acción concreta debendo indicar na solicitude o anunciante, describir a acción e o seu orzamento.

Na autorización da Área de Innovación e Negocio establecerase o reparto nos ingresos entre a produtora e a *CORPORACIÓN RTVG* atendendo ás circunstancias de cada contratación e ás intervencións da produtora.

Custos:


Os custos derivados de introducir os emprazamentos de produtos nas obras audiovisuais consideradas ordinarias no eido audiovisual serán por conta da produtora e, polo tanto, incluídas dentro do orzamento total da produción.

Os custes de produción de accións extraordinarias que esixan un tratamento especial a petición de quen contrate o seu emprazamento, tales como montaxes especiais, referencias ou mostras por persoas concretas, serán asumidas pola produtora e serán detalladas na contratación e na solicitude de autorización.

Obrigas da produtora:

A produtora, unha vez rematada a negociación co anunciante na que deberá seguir as directrices da Área de Innovación e Negocio, asinará o contrato con este do que deberá remitir copia á menciona Área no prazo de 5 días dende a súa sinatura.

A produtora facilitará á Dirección da Área de Innovación e Negocio da **CORPORACIÓN RTVG** a relación de aparicións dos produtos incluídos na obra audiovisual, momento, duración e demais circunstancias. A data límite de entrega desta documentación será a da entrega dos materiais audiovisuais. Non poderá ser conformada a obra se non se entrega esta documentación.



Recepción:

Unha vez recibida a obra, a **CORPORACIÓN RTVG** efectuará un control previo á conformidade desta, comprobando que o material cumpre correctamente coas normas e coas condicións de contratación, debendo a produtora modificar a produción en canto non se axuste ao pactado.

No prazo máximo 30 días dende a entrega/emisión do programa a produtora deberá remitir unha relación de todas as contratacións realizadas indicando a porcentaxe destes ingresos que lle corresponde á **CORPORACIÓN RTVG**.

Achegas significativas á produción:

Cando unha produción inclúa emprazamento de produto mediante o subministro gratuíto de bens ou produtos de forma significativa, ten que figurar contemplada no orzamento de produción da obra. A Área Innovación e Negocio autorizará previamente esta inclusión previa á aprobación do orzamento pola Área de Contidos.

4.2.2. Accións promovidas pola **CORPORACIÓN RTVG**

A **CORPORACIÓN RTVG** tamén poderá contratar emprazamento de produto para incluír nas producións contempladas nesta instrución, previo acordo coa produtora.

4.3.- Facturación

No caso de accións contratadas pola produtora a **CORPORACIÓN RTVG** facturará a esta a porcentaxe na participación nos ingresos pactada unha vez recibida a liquidación. Esta cantidade deberá ser aboada pola produtora no prazo de 30 días desde a emisión da factura.

No caso de accións contratadas pola **CORPORACIÓN RTVG** a produtora facturará a esta a porcentaxe na participación nos ingresos pactada unha vez recibida a liquidación. Esta cantidade deberá ser aboada pola **CORPORACIÓN RTVG** no prazo de 30 días desde a emisión da factura.